

## Down Ourense y la Fundación San Rosendo firman un convenio de colaboración para favorecer la inserción sociolaboral de personas con síndrome de Down

- El acuerdo se amplía al Grupo Caldaria, perteneciente a la Fundación San Rosendo y a residencias de la Fundación en otras provincias gallegas.
- Down Ourense obtiene un nuevo apoyo para el programa “Empleo con apoyo” tras el convenio firmado con AJE Ourense.
- A través del programa de empleo, Down Ourense cerró 20 contratos a lo largo de 2015.

**Ourense, 21 de junio de 2016.** El presidente de la Fundación San Rosendo, José Luis Gavela Varela, y la presidenta de la Asociación Down Ourense, Mara Prieto Fuertes, firmaron esta mañana un convenio de colaboración con el fin de promover la integración socio-laboral de las personas con síndrome de Down y con discapacidad intelectual. Este acuerdo se amplía al Grupo Caldaria, perteneciente a la Fundación San Rosendo y a residencias de la Fundación en otras provincias gallegas (Lugo).

Con este convenio se facilita la inserción laboral en entornos ordinarios de las personas que participan en el Programa de Empleo con Apoyo de la Asociación Down Ourense. A través de este programa, las personas con síndrome de Down y con discapacidad intelectual asisten a una formación en habilidades sociolaborales para, posteriormente, poder desempeñar un puesto de trabajo adaptado a su perfil, acompañadas en sus primeros momentos de la figura del preparador laboral, quien estará a cargo de la formación en la empresa prestando un apoyo *in situ* en el puesto de trabajo.

Con la firma de este convenio, estas entidades avalan la gran labor de Down Ourense y colaboran para que siga trabajando a favor de la inclusión laboral de sus usuarios y usuarias. Jose Luis Gavela, presidente de la Fundación San Rosendo recuerda que “la experiencia de colaboración con Down Ourense ha sido muy positiva y enriquecedora para la Fundación” y celebra esta nueva oportunidad de colaboración con la asociación ourensana.

La asociación obtiene de este modo un nuevo apoyo para el programa “Empleo con apoyo” tras el convenio firmado hace poco más de dos meses con la Asociación de Jóvenes Empresarios de Ourense.

A través de este tipo de acuerdos se consigue que las entidades corporativas se vayan abriendo cada vez más al mundo de la discapacidad y se potencia la inclusión de las personas con diversidad funcional en la sociedad.

### **La Fundación San Rosendo, especialistas en servicio asistencial a mayores y personas con discapacidad**

La Fundación San Rosendo lleva más de 20 años prestando un servicio asistencial a colectivos desfavorecidos de Galicia. Cuenta con 70 centros repartidos por toda Galicia de los que 59 son residencias para atender a personas mayores y 11 centros para atender exclusivamente a personas con discapacidades físicas o psíquicas. En la actualidad, cuenta con más de 1.600 profesionales entre médicos, enfermeros, psicólogos y educadores.

### **El programa de empleo de Down Ourense**

El programa de empleo de Down Ourense cerró 20 contratos a lo largo de 2015, firmados entre las 35 empresas visitadas durante ese ejercicio. De ellos, 12 son contratos temporales, 1 indefinido y 7 de prácticas laborales. La asociación destaca el crecimiento y la apuesta de “Empleo con apoyo” por parte de las empresas de la provincia en los últimos años.

Durante el primer trimestre de 2016 se cerró un nuevo convenio de colaboración con la empresa ourensana de telefonía móvil Primux, con un contrato temporal de un año de duración. Además, se firmaron tres renovaciones de contratos existentes, un indefinido con la empresa Rodríguez López Auto y dos prórrogas en la energética Repsol.

## Down Ourense e a Fundación San Rosendo asinan un convenio de colaboración para favorecer a inserción sociolaboral de persoas coa síndrome de Down

- O acordo amplíase ao Grupo Caldaria, pertencente á Fundación San Rosendo e a residencias da Fundación noutras provincias galegas.
- Down Ourense obtén un novo apoio para o programa “Emprego con apoio” tralo convenio asinado con AJE Ourense.
- A través do programa de emprego, Down Ourense pechou 20 contratos ó longo de 2015.

**Ourense, 21 de xuño de 2016.** O presidente da Fundación San Rosendo, José Luis Gavela Varela, e a presidenta da Asociación Down Ourense, Mara Prieto Fortes, asinaron esta mañá un convenio de colaboración co fin de promover a integración socio-laboral das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual. Este acordo amplíase ao Grupo Caldaria, pertencente á Fundación San Rosendo e a residencias da Fundación noutras provincias galegas (Lugo).

Con este convenio facilítase a inserción laboral en contornas ordinarias das persoas que participan no Programa de Emprego con Apoio da Asociación Down Ourense. A través deste programa, as persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual asisten a unha formación en habilidades sociolaborais para, posteriormente, poder desempeñar un posto de traballo adaptado ao seu perfil, acompañadas nos seus primeiros momentos da figura do preparador laboral, quen estará a cargo da formación na empresa prestando un apoio *in situ* no posto de traballo.

Coa firma deste convenio, estas entidades avalan o gran labor de Down Ourense e colaboran para que siga traballando a prol da inclusión laboral dos seus usuarios e usuarias. Jose Luis Gavela, presidente da Fundación San Rosendo recorda que “a experiencia de colaboración con Down Ourense foi moi positiva e enriquecedora para a Fundación” e celebra esta nova oportunidade de colaboración coa asociación ourensana.

A asociación obtén deste xeito un novo apoio para o programa “Emprego con apoio” tralo convenio asinado hai pouco máis de dous meses coa *Asociación de Jóvenes Empresarios de Ourense*.

A través deste tipo de acordos conséguese que as entidades corporativas se vaian abrindo cada vez máis ao mundo da discapacidade e poténciase a inclusión das persoas con diversidade funcional na sociedade.

### **A Fundación San Rosendo, especialistas no servizo asistencial a maiores e persoas con discapacidade**

A Fundación San Rosendo leva máis de 20 anos prestando un servizo asistencial a colectivos desfavorecidos de Galicia. Conta con 70 centros repartidos por toda Galicia dos que 59 son residencias para atender a persoas maiores e 11 centros para atender exclusivamente a persoas con discapacidades físicas ou psíquicas. Na actualidade, conta con máis de 1.600 profesionais entre médicos, enfermeiros, psicólogos e educadores.

### **O programa de emprego de Down Ourense**

O programa de emprego de Down Ourense pechou 20 contratos ó longo de 2015, asinados entre as 35 empresas visitadas durante o devandito exercicio. Deles, 12 son contratos temporais, 1 indefinido e 7 de prácticas laborais. A asociación destaca o crecemento e a aposta de “Emprego con apoio” por parte das empresas da provincia nos últimos anos.

Durante o primeiro trimestre de 2016 pechouse un novo convenio de colaboración coa empresa ourensá de telefonía móbil Primux, cun contrato temporal dun ano de duración. Ademais, asináronse tres renovacións de contratos existentes, un indefinido coa empresa Rodríguez López Auto e dúas prórrogas na enerxética Repsol.